

Código do documento	Código do expediente
<b>UCP12I03S8</b>	<b>UCP/2018/268</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2I3F 245F 0I6G 0B60 112A	

MMM

## RESOLUCIÓN

O expediente para a contratación do subministro denominado Reforma para o aforro enerxético nos alumeados públicos da urbanización Aguas Mansas, POS + 2018 iniciouse mediante orde da sra. concelleira delegada de facenda, patrimonio e contratación.

De acordo co disposto polo artigo 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE (en adiante, LCSP) a adxudicación realizarase empregando o procedemento aberto.

Vistos os informes que emitiu a secretaria xeral sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación e sobre o expediente e a fiscalización deste pola Intervención Municipal.

Vistos os antecedentes que constan no expediente, o informe emitido polo xefe de servizo de economía e facenda e de acordo co disposto no artigo 117 LCSP

### RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a contratación do subministro denominado "Reforma para o aforro enerxético nos alumeados públicos da urbanización Aguas Mansas, POS + 2018", de acordo co artigo 117 LCSP. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.

Segundo.- Considerando as razóns expostas na memoria xustificativa do contrato e, de acordo co establecido no artigo 146.1 en relación co 145 apartados 1 e 3 LCSP, establecer como procedemento de adxudicación o procedemento aberto co prezo como único criterio de adxudicación.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e, de acordo co disposto no artigo 63 LCSP, publicar no perfil de contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público o anuncio da licitación, a memoria xustificativa do contrato que inclúe a xustificación do procedemento empregado para a adxudicación, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato e a presente resolución de aprobación do expediente, así como o obxecto detallado do contrato, a súa duración e o presuposto base de licitación.

Cuarto.- Aprobar o correspondente gasto por importe de 80.029,48 € con cargo á partida 165-61900 do orzamento en vigor (RC220180008563).

Culleredo,  
A concelleira delegada de facenda,  
patrimonio e contratación

Dou fe,  
A secretaria xeral

*P.D. (Resolución do 10.11.2017,  
BOP núm. 218 do 16.11.2017)*